

Análise e comentario de PAISAXES

1. Definición.

A paisaxe é o resultado da interacción de factores naturais e/ou humanos nun territorio tal e como a percibe a poboación (Convenio Europeo da Paisaxe do ano 2000). Está formada por elementos naturais abióticos (relevo, hidrografía e clima), bióticos (flora/vexetación e fauna) e por elementos culturais ou antrópicos. Por iso a maior parte dos territorios que percibimos son paisaxes culturais.

2. Tipoloxía das paisaxes e elementos para a súa análise.

2.1. **Paisaxes naturais:** descrición dos elementos naturais e das interrelacións coa actividade humana nese territorio.

Introdución:

- Tipoloxía: paisaxe interior, costa (regresión, artificialización) ou montaña.
- Localización: precisa ou aproximada.

Elementos naturais abióticos e bióticos:

a) **Relevo:** chairas, vales, montañas e serras

- Achega de materias primas e fontes de enerxía ou recurso para o turismo
- Continental ou costeiro
- Tipo de modelaxe dese relevo.

b) **Clima:** precipitacións e temperaturas, fonte enerxía (solar, eólica), pegada do cambio climático no dominio que se analiza

c) **Augas:** características da rede hidrográfica: ríos, lagos e lagoas...

- Caudal e réxime dos ríos (nival, nivopluvial, pluvionival ou pluvial oceánico ou mediterráneo).
- Políticas e obras hidráulicas: aproveitamento, sobreexplotación e contaminación.

d) **Vexetación:**

- Tipo de formacións: bosque / matogueira / prado.
- Especies predominantes: coníferas ou frondosas, extensión e localización.
- Alteracións na vexetación climax pola actuación antrópica: deforestación, reforestacións e perda de biodiversidade.

e) **Solo:** tipos / calidade/contaminación/erosión/desertificación/protección.

Conclusión: identificación desa paisaxe como oceánica, mediterránea, de montaña ou macaronésica (Canarias) despois de analizar os elementos descritos arriba.

2.2. Paisaxes rurais:

Comprenden o espazo xeográfico non urbanizado. A súa morfoloxía resulta da combinación dos trazos abióticos e bióticos do medio natural coa actividade humana. Por iso comezaremos cunha análise e descripción dos elementos naturais desa paisaxe (vid. apartado 2.1.)

Pasamos, deseguido, á xestión dese territorio pola comunidade humana que o habitou partindo da **análise de elementos visibles que evidencien a pegada antrópica**.

- **Ager ou saltus** (permanente/temporal): labradío, monte (alto, baixo), pasteiras
- Características do **espazo agrario**:
 - Morfoloxía desa paisaxe agraria: agras (openfield), cortiñas e veigas (bocage).
 - Parcelas: tamaño e distribución (minifundio-concentración parcelaria, latifundio).
 - Réxime de tenza: directa ou indirecta (parcería, arrendamentos, enfiteuses).
 - Tipos de cultivo: herbáceo (cereais, horta), arbustivos (vide), arbóreos, tubérculos.
 - Sistema de cultivo: secaño/regadío (por gravidade, aspersión, goteo).
 - Tipos de produción e destino: policultivo “tradicional” (ata a década de 1960) de autoconsumo directo, especialización produtivista para comercialización no mercado despois da revolución verde (agroindustria), adaptación ecosostible dende a década de 1990 (marco PAC da UE).
 - Formas de explotación e tecnoloxía aplicada:
 - Rotación contínua ou con barbeito.
 - Aproveitamento: intensivo ou extensivo.
 - Técnicas: tradicionais ou modernas (fertilizantes, invernadoiros, rego hidropónico, etc).
 - Rendementos: altos ou baixos (produtividade)
- Maneixo da **cabana gandeira**:
 - Tipo de gando: bovino (carne, leite), ovino, caprino, porcino, aviar...
 - Xestión extensivo ou intensivo: estabulado, granxas, aberto...
 - Rendementos.
 - Destino da produción gandeira: autoconsumo ou comercialización.
 - Xestión do espazo forestal: tipo e aproveitamento
- O **hábitat**: as formas de poboamento e a tipoloxía das vivendas
 - Poboamento disperso (absoluto/laxo), concentrado (lineal/apiñado) ou intercalar: casaríos, lugares e aldeas.

- A tipoloxía das vivendas: materiais, formas da cuberta, plano (bloque, composta).

c) **Usos non agrarios** do territorio:

- Extractivos: canteiras, minería.
- Industriais.
- Residenciais: urbanizacións e 2ª residencia.
- Servizos (públicos ou privados).
- Infraestruturas: estradas, portos, aeroportos, estacións e redes ferroviarias.

Conclusión: identificación desa paisaxe nalgún dos dominios biloclimáticos peninsulares: norte peninsular húmida, mediterránea de interior, mediterránea litoral, de montaña ou das Illas Canarias.

d) Problemáticas e desafíos actuais para o futuro das paisaxes rurais:

- Demográficas: despoboamento, avellentamento e masculinización da poboación.
- Económicas: escasa modernización e diversificación das actividades produtivas, falta de rendibilidade e pobreza económica.
- Sociais: falta de infraestruturas e de equipamentos, éxodo continuado.
- Ambientais: alteración e sobreexplotación do solo (pesticidas, fertilizantes químicos, sementes e cultivos transxénicos), contaminación, abandono das formas tradicionais de xestión do territorio e da auga.
- Deterioración paisaxística e do patrimonio rural: presión urbana.

f) Perspectivas de futuro (favorables e desfavorables)

- Reestruturación e mellora das explotacións agrogandeiras e forestais.
- Transferencia de tecnoloxía, coñecemento e innovación.
- Redución dos costes de produción.
- Fomento da diversificación das actividades produtivas.
- Explotacións ecolóxicas.

g) Dinámicas actuais no espazo rural

- Escenario favorable: nova percepción positiva pola sociedade urbana posmoderna, tendencia a descentralizar, mundialización da economía.
- Oportunidades para novos usos do territorio rural: residencial, industrial, terciario e de “economía verde”.
- Revertir o despoboamento e avellentamento dos espazos rurais mediante políticas que favorezan a distribución equilibrada de recursos, a preservación da identidade cultural e da riqueza ambiental (conservación / degradación).

- Ter en conta a heteroxeneidade dos espazos rurais: profundos, agrarios fráxiles ou diversificados e dinámicos, emerxentes cun predominio de actividades secundarias e terciarias (turismo).

2.3. Paisaxe Industrial.

2.3.1. Localización xeográfica e factores:

a) Características físicas da contorna: topografía, interior, costa.

b) Factores clásicos de localización industrial:

- Físicos:

- Materias primas: orgánicas / xeolóxicas (minerais: metálicos, industriais), rochas (canteira, ornamentais), produtos enerxéticos.

- Fontes de enerxía: primaria non renovables / renovables.

- Localizacións favorables: redes de transporte.

- Humanos: mercado, man de obra, transporte, capital, infraestruturas e políticas industriais.

c) Novos factores de localización industrial: acceso a tecnoloxías e información (I+D+I), vantaxes competitivas dese territorio.

d) Tipo de localización industrial: factores tradicionais e factores actuais.

- Vantaxes e inconvenientes da localización concentrada (en grandes aglomeracións) ou dispersa.

- Razóns dese tipo de localización: herdada do pasado, polígono ou parque industrial, distrito industrial, espazo innovador espontáneo (complexo industrial, clúster tecnolóxico) ou planificado (parque tecnolóxico).

- Características: tamaño do espazo e das parcelas, morfoloxía e calidade arquitectónica, infraestruturas de transporte, dotación de servizos e calidade ambiental.

- Tipo de áreas industriais: desenvolvidas, en expansión, en declive e reestruturación, inducida e escasa.

2.3.2. Características xerais da industria dese territorio.

- Tipoloxía segundo o destino dos bens producidos, a rama produtiva e o grao de desenvolvemento tecnolóxico.

- Características da man de obra: nivel cualificación, tarefas que realiza, situación laboral.

- Tamaño das empresas: *pemes* ou grandes empresas.

- Investimentos en investigación, innovación e tecnoloxía.
- Grao de internacionalización.

2.3.3. **Problemáticas sectoriais dese territorio industrializado.**

- Minería: reconversión, incremento da competitividade, dependencia externa, degradación ambiental, perda do patrimonio mineiro.
- Enerxía: seguridade e eficiencia enerxética, descarbonización e transición enerxética.
- Reconversión industrial: reindustrialización ou deslocalización no contexto económico actual .
- Protección do patrimonio industrial.
- Problemas estruturais.
- Repercusións ambientais.

Conclusión: reflexións sobre o grao de desenvolvemento desa paisaxe, desafíos e perspectivas de futuro partindo da análise dos datos dos apartados anteriores.

2.4. **Paisaxe turística.**

2.4.1. **Localización e recursos turísticos.**

- Localización xeográfica.
- Recursos turísticos: naturais (relevo e formacións xeolóxicas, clima, vexetación, espazos protexidos) e culturais (patrimonio histórico, artístico e etnolóxico).

2.4.2. **Características desa paisaxe.**

- Oferta hoteleira, de hostalaría/restauración e de lecer.
- Accesibilidade para a demanda (rede de transporte).

2.4.3. **Tipos de turismo e incidencia na paisaxe:** de bordo de auga, de montaña, ecolóxico (espazos naturais protexidos), rural e agroturismo (labouras agrícolas, agromuseos, agrotendas), urbano (cultural, de negocios), outras modalidades de turismo con incidencia na paisaxe (golf...).

2.4.4. **Pegadas do turismo no territorio.**

- Demográficas: aumento estacional da poboación, atracción de poboación nova...
- No poboamento: extensión urbana especulativa e incontrolada.
- Económicas: creación de emprego, divisas, desenvolvemento de redes de transporte.

- Políticas, culturais e sociolóxicas: multiculturalismo e interculturalidade, perda de identidade autóctona, cambios na calidade de vida das persoas residentes.
- Na ordenación do territorio: transformación na contorna, concorrencia con outras actividades económicas.
- Ambientais: urbanización incontrolada, alteración da paisaxe e degradación ambiental.

2.4.5. Desafíos para a mellora do modelo turístico actual.

- Crises do modelo turístico tradicional: conxunturais (económicas pola suba dos hidrocarburos), estrutural (inflación, adaptación á demanda e graduada no tempo, demanda de calidade ambiental, competencia doutros destinos).
- Mellora da calidade da oferta fronte á competencia.
- Diversificación da oferta.
- Desconcentración espacial e temporal (desestacionalización).
- Fomento da promoción turística e do asociacionismo no sector.
- Medidas para a sostibilidade ambiental: preventivas e rehabilitadoras.
- Alicerces do novo modelo de desenvolvemento turístico sustentable en termos ambientais e sociais:
 - Fomento do beneficio social derivado da contribución do turismo para frear ou revertir o despoboamento rural e a desigualdade.
 - Mellora da competitividade e da rendibilidade.
 - Preservación dos valores naturais e culturais dos destinos.